



XEOGRAFÍA E HISTORIA

1º BACHARELATO

Hª DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

CURSO: 2021 – 2022

ÍNDICE:

1. Introducción e contextualización. 2
2. Contribución ás competencias clave. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais. 2
3. Concreción dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. 6
4. Grao mínimo de consecución para superar a materia. 127
5. Secuenciación e temporalización das unidades didácticas. 131
6. Concrecións metodolóxicas. 136
7. Materias e recursos didácticos. 136
8. Avaliación: 137
 - o Criterios de avaliación.
 - o Procedementos e instrumentos de avaliación.
 - o Criterios de cualificación.
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. 140
10. Actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes. 141
11. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato (cambios de modalidade ou de idioma) 142
12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. 143
13. Medidas de atención á diversidade. 143
14. Elementos transversais. 144
15. Contribución do departamento ao Proxecto Lector. 144
16. Contribución do departamento ao Plan TIC. 145
17. Contribución do departamento ao Plan de Convivencia. 145
18. Actividades complementarias e extraescolares. 148
19. Addenda. Plan de continxencia. 149
20. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. 150

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO****1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

A Programación Didáctica Historia do Mundo Contemporáneo para o Primeiro Curso de Bacharelato está fundamentada no establecido no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e no Decreto 86/2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Galicia polo que se establece o Currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato para esta Comunidade.

Redactado na Introducción e Programación de 1º Eso.

2. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Comunicación lingüística.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na	Comunicación lingüística.

escrita, a lingua galega e a lingua castelá.	Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.	Competencia dixital. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.	Competencias sociais e cívicas. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Conciencia e expresións culturais.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.
m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.	Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas.

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
<p>a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</p>
<p>b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.</p>
<p>c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.</p>
<p>d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>	<p>Conciencia e expresións culturais. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Comunicación lingüística.</p>
<p>e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.</p>	<p>Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Aprender a aprender.</p>
<p>g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.</p>	<p>Competencia dixital. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas.</p>
<p>h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.</p>	<p>Competencias sociais e cívicas. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Conciencia e expresións culturais.</p>
<p>i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.</p>
<p>l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.</p>	<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender.</p>

- | | |
|--|--|
| m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.
Competencias sociais e cívicas. |
| n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. | Conciencia e expresións culturais.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender. |
| p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. | Conciencia e expresións culturais.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Competencias sociais e cívicas. |

3. CONCRECIÓN DOS OXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

TEMA 1**CONTIDOS • CRITERIOS DE AVALIACIÓN****BLOQUE 1: CONTIDOS**

Interpretación dun gráfico que representa as características da sociedade do Antigo Réxime.
 Constatación da pervivencia da sociedade estamental no Antigo Réxime.
 Lectura dun texto sobre os dereitos señoriais sobre os campesiños.
 Análise de gráficos sobre as crises demográficas periódicas e as crises de subsistencia.
 Descrición do despotismo ilustrado.
 Análise dun gráfico que reflicte o crecemento da poboación europea ao longo do século XVIII.
 Lectura dun texto sobre os poderes do monarca propios do absolutismo monárquico.
 Identificación nun mapa da distribución das formas de goberno na Europa de finais do século XVIII.

BLOQUE 1: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Definir os trazos do Antigo Réxime describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.
- Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerando as que lle afectar á economía, poboación e sociedade.
- Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime seleccionando as obras máis destacadas.

BLOQUE 3: CONTIDOS

Identificación dos cambios políticos provocados polas revolucións do século XVII en Inglaterra e caracterización do parlamentarismo inglés.
 Lectura de textos sobre o Parlamento Inglés.
 Comparación entre o absolutismo e o parlamentarismo inglés en relación ao poder político, os dereitos dos cidadáns e a participación política.
 Identificación das transformacións económicas e sociais no século XVIII.
 Recoñecemento do aumento da produción grazas ás manufacturas, da expansión do comercio colonial e do ascenso da burguesía no século XVIII.
 Lectura dun texto histórico sobre a situación da burguesía en París no século XVIII.
 Constatación do papel desempeñado polo comercio colonial nos cambios económicos de Europa.
 Explicación das bases do pensamento ilustrado.
 Comprensión do proceso de revolución e independencia dos Estados Unidos.
 Lectura da Declaración de Independencia, dun fragmento da Constitución de 1787 e tamén da Carta de Dereitos.

BLOQUE 3: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analizar transformacións económicas e sociais que se produciron durante o Antigo Réxime e como afectaron e acabaron poñendo en crise o propio Antigo Réxime.
- Explicar o parlamentarismo do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.
- Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezos do século XIX establecendo elementos de coincidencia entre ambas as dúas ideoloxías.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE • DESCRITORES**BLOQUE 1: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE**

- Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. *C. Comunicación lingüística – C. Aprender a aprender.*
- Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime. *C. Aprender a Aprender.*
- Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais. *C. Comunicación Lingüística. – C. Aprender a aprender.*
- Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó. *Conciencia e expresións culturais.*

BLOQUE 3: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE

- Explica as transformacións do Antigo Réxime que lles afectan á economía, poboación e sociedade. *C. Comunicación lingüística. – Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.*
- Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. *C. Com. Ling. – Apr. a apr.*
- Distingue as revolucións do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime. *C. Ling. – Sentido de iniciativa...*
- Enumera e describe as ideas da Ilustración e as ideas do Liberalismo de comezos do século XIX. *C. lingüística.*

BLOQUE 1: DESCRITORES

- Identifica e describe os dereitos señoriais e las obrigas campesiñas cara ao señor no século XVII e as súas consecuencias económicas nun texto legal. P. 004 A. 2.
- Identifica e describe os poderes do monarca no marco do absolutismo monárquico. P. 006 A. 3.
- Identifica e describe a posición económica da burguesía no século XVIII. P. 011 A. 2.
- Recoñece, a partir da interpretación dun gráfico, a estrutura social do Antigo Réxime e as posibilidades de ascenso social que existían. P. 004 A. 1
- Xustifica a periodicidade da mortalidade durante o Antigo Réxime, interpretando un esquema das crises de subsistencia e un gráfico das crises demográficas periódicas. P. 005 A. 3
- Distingue a distribución territorial nun mapa tralo Tratado de Utrecht e o equilibrio europeo. P. 07 A. 5; P. 001 Anali...
- Recoñece os trazos que definían a sociedade do Antigo Réxime e que grupos sociais a compoñían. P. 005 A. 4
- Recoñece o modelo económico e demográfico que caracterizaba o Antigo Réxime. P. 005 A. 5.
- Clasifica nunha táboa os trazos do Antigo Réxime segundo sexan do ámbito social ou económico. P. 020, Com...
- Completa un esquema cos trazos característicos do Antigo Réxime. P. 020 Completa o esquema.
- Recoñece *O arrandeadoiro*, de Fragonard, como unha obra clave do Rococó. P. 018.

BLOQUE 3: DESCRITORES

- Explica a relación entre a aplicación de novas técnicas agrícolas ao longo do s. XVIII e o crecemento da poboación e o aumento das manufacturas. P. 011 A. 3 e 4.
- Explica a doutrina económica que impulsou o comercio colonial no século XVIII. P. 011 A. 5; P. 013 A. 1-6.
- Explica o ascenso da burguesía como consecuencia do crecemento da economía no século XVIII. P. 011 A. 2 e 6.
- Describe as características e as prerrogativas do Parlamento Inglés e algunhas das súas leis. P. 009 A. 1, 3 e 4.
- Caracteriza as dúas revolucións que tiveron lugar en Inglaterra no século XVII e o cambio da monarquía absoluta pola monarquía parlamentaria. P. 009 A. 2 e 4.
- Explica as causas e o desenvolvemento da Independencia dos Estados Unidos. P. 016, A. 01, 02, 03.
- Describe os principios do pensamento ilustrado, como liberdade e igualdade e as crises do Antigo Réxime. P. 015 A. 5.
- Caracteriza a división de poderes que propugnaba Montesquieu. P. 022 Comenta o texto.
- Identifica a idea de soberanía nacional recollida na *Enciclopedia* de Diderot como unha idea nacida da Ilustración, base da teoría política liberal. P. 014 A. 2.

TEMA 2**CONTIDOS • CRITERIOS DE AVALIACIÓN****BLOQUE 2: CONTIDOS**

- Interpretación de gráficos explicativos sobre as revolucións agrícola e demográfica do s. XIX.
- Interpretación dun mapa sobre a extensión do ferrocarril por Europa a mediados do s. XIX.
- Elaboración dunha síntese sobre as revolucións acontecidas en varios ámbitos que conduciron á Primeira Revolución Industrial.
- Comprensión de textos explicativos sobre os sistemas de campos abertos e pechados e interpretación dos esquemas asociados.
- Comprensión de textos históricos sobre as vantaxes e inconvenientes dos sistemas de campos abertos e pechados mediante a resposta a preguntas.
- Procura de información n Internet sobre o convertedor de Bessemer.
- Análise dos efectos da mecanización e da implantación do sistema fabril sobre o espazo e a organización do traballo.
- Comprensión de textos históricos sobre os principios básicos do liberalismo económico e do capitalismo.
- Argumentación sobre a adecuación do capitalismo ao novo sistema industrial e os aspectos do Antigo Réxime que obstaculizaban o seu desenvolvemento.
- Descrición dos barrios dunha cidade industrial en base á observación de cadros da época.
- Caracterización da burguesía, do proletariado e da clase media na nova sociedade industrial.
- Comprensión de textos históricos sobre o rol social da muller de clase burguesa e de clase obreira na sociedade industrial do s. XIX.
- Elaboración dun esquema de síntese sobre as características da Primeira Revolución Industrial.
- Redacción dunha explicación histórica sobre o paso do obradoiro artesanal á fábrica.
- Compleción dun cadro sobre as crises de subsistencias no Antigo Réxime e as crises económicas no capitalismo.
- Elaboración dun gráfico sobre a evolución da poboación inglesa entre 1730 e 1800 co fin de extraer conclusións del.
- Análise e valoración dun gravado de 1834 sobre o traballo nunha fábrica téxtil.
- Procura de información na Internet sobre o concepto de patrimonio industrial e valoración da súa función na sociedade actual.
- Contextualización histórica e valoración da vida e obra de Charles Dickens.

BLOQUE 2: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Describir as Revolucións Industriais do século XIX, establecendo os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais.
- Obter información que permita explicar as Revolucións Industriais do s. XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou online nas que se encontre dispoñible.
- Identificar os cambios nos transportes, agricultura e poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.
- Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizándoos adecuadamente e establecendo as rexións onde se produce ese avance.
- Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE • DESCRITORES

BLOQUE 2: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE

- Identifica as causas da Primeira Revolución Industrial. *C. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor – C. Aprender a aprender.*

- Analiza comparativa e esquematicamente as dúas Revolucións Industriais. *C. Aprender a Aprender – C. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.*

- Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial. *C. Ling. – C. Soc. e cív. – C. Mat., cien. e tecn.*

- Describe a partir dun plano a cidade industrial británica. *C. Aprender a aprender.*

- Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX. *C. Consciencia e expresións culturais.*

- Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais. *C. Aprender a aprender.*

- Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas. *C. Aprender a aprender.*

- Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, con fontes historiográficas. *C. Ling.*

- Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión de redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles. *C. Aprender a aprender.*

BLOQUE 2: DESCRITORES

- Explica os cambios que provocou o sistema Norfolk de rotación de cultivos e as vantaxes que supuxo respecto á rotación trienal. P. 026 A. 1.
- Interpreta esquemas representativos dos sistemas de campos abertos e pechados e analiza as súas vantaxes e inconvenientes. P. 029 A. 1, 5 e 6.
- Analiza as causas que motivaron o crecemento da poboación en Gran Bretaña. P. 026 A. 2.
- Comprende unha táboa cos datos demográficos da poboación inglesa entre 1730-1800 e trasládaos en forma de gráfico para extraer conclusións. P. 041 A. 1-2.
- Analiza a nacente economía de mercado e compáraa coa economía autosuficiente. P. 027 A. 5.
- Sintetiza as diversas revolucións que provocaron a Primeira Revolución Industrial. P. 027 A. 4; P. 038 A. 1.
- Sintetiza en forma de esquema as principais características da Primeira Revolución Industrial. P. 040 *Técnicas de estudo, Elabora un esquema.*
- Describe os cambios que supuxo a mecanización e o sistema fabril sobre as industrias algodonera, siderometalúrxica e a minaría. P. 031 A. 6 e 8.
- Redacta un texto explicativo sobre os cambios que supuxo a mecanización e o sistema fabril sobre o espazo e a organización do traballo. P. 040 *Redacta unha...*
- Explica as características do liberalismo económico e o capitalismo. P. 033 A. 1, 3, 4 e 5.
- Caracteriza a burguesía e o proletariado e establece as diferenzas entre as dúas clases sociais. P. 035 A. 4 e 6.
- Analiza con sentido crítico o papel da muller na sociedade industrial do s. XIX. P. 036 A. 1, 2, 5, 6 e 7.
- Describe a cidade industrial británica a partir dun plano de Londres. P. 042 A. 1 *Observa o plano.*
- Describe o estilo de vida da burguesía e do proletariado a partir da análise de varias pinturas. P. 038 A. 1-3.
- Explica as novas formas de traballo industrial en base á observación de pinturas. P. 038 A. 4; P. 042 A. 1.
- Identifica nun mapa as rexións máis industrializadas de Europa a mediados do s. XIX. P. 025 A *nova era...*
- Localiza nun mapa as principais cidades europeas e explica as causas do seu crecemento. P. 035 A. 5.
- Explica as causas e as consecuencias das crises de sobreprodución. P. 033 A. 2.
- Describe as diferenzas entre as crises económicas do Antigo Réxime e do capitalismo. P. 040 *Completa o...*
- Le textos históricos sobre o debate entre defensores e detractores do sistema de campos pechados e identifica os seus principais argumentos. P. 029 A. 3-4.
- Interpreta e analiza nun mapa a extensión do ferrocarril por Europa en 1880, sinalando as zonas cunha maior densidade ferroviaria. P. 027 A. 3.

TEMA 3**CONTIDOS • CRITERIOS DE AVALIACIÓN****BLOQUE 3: CONTIDOS**

- Identificación das causas da Revolución Francesa.
- Descrición da evolución dos prezos do pan antes da Revolución e relación co malestar popular.
- Descrición dos motivos que conduciron á convocatoria de Estados Xerais en Francia en 1789 e que proceso iniciaron.
- Descrición das circunstancias que levaron a crear a Asemblea Nacional Constituínte (1789-1791).
- Lectura dun fragmento do *Decreto da Asemblea Nacional* que recolle a abolición do réxime feudal.
- Descrición da monarquía constitucional (1791-1792).
- Lectura da *Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán de 1789* e constatación dos dereitos naturais que se consagran nela.
- Análise dun esquema que reflicte o sistema político establecido coa Revolución e a división de poderes entre executivo, lexislativo e xudicial.
- Caracterización da radicalización durante a etapa republicana (1792-1799).
- Distinción entre a república girondina, a república xacobina e a república burguesa moderada.
- Lectura dun texto sobre os principios xacobinos.
- Recoñecemento da obra de Napoleón Bonaparte e da súa influencia no conxunto de Europa.
- Xustificación de se o réxime de Napoleón liquidou a revolución en Francia ou consolidou os cambios revolucionarios.
- Identificación nun mapa das conquistas napoleónicas en 1812.
- Relación entre a expansión das ideas liberais en Europa e o xurdimento do nacionalismo.
- Definición das características do liberalismo e do nacionalismo.
- Descrición de Restauración en Europa despois do Congreso de Viena.
- Identificación das primeiras revolucións liberais en Europa na década de 1820 e da segunda ondata revolucionaria da década de 1830.
- Caracterización da Revolución de 1848 e das reivindicacións sociais e políticas e a súa relación coa etapa xacobina da Revolución Francesa.
- Xustificación de por que 1848 foi o despertar das nacións.
- Descrición da cronoloxía da unificación italiana.
- Identificación da formación do Estado alemán.
- Constatación da influencia das ideas liberais en América e dos seus efectos na independencia de diversos países de América Latina.
- Elaboración dun eixe cronolóxico sobre a independencia de América Latina (1804-1844).

BLOQUE 3: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX distinguindo os feitos, personaxes e símbolos.
- Explicar a partir de información obtida na Internet, a Revolución Francesa de 1789 incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e tamén nas consecuencias.
- Identificar o Imperio Napoleónico localizando a súa expansión europea e establecendo as súas consecuencias.
- Analizar a transcendencia que tivo para Europa o Congreso de Viena e a restauración do Absolutismo identificando as súas consecuencias para os diversos países implicados.
- Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, relacionando as súas causas e desenvolvemento.
- Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.
- Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou da Internet e presentándoa adecuadamente.
- Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE • DESCRITORES

BLOQUE 3: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE

- Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX. *C. Matemática...*
- Explica as causas da Revolución Francesa de 1789. *C. Comunicación lingüística.*
- Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa. *C. Comunicación lingüística – C. Aprender a aprender.*
- Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico. *C. Aprender a aprender.*
- Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena relacionándoas coas súas consecuencias. *C. Com. Lingüís. – C. Aprender a aprender.*
- Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848. *C. Com. Lingüís. – C. Aprender a aprender.*
- Describe e explica a Unificación de Italia e a unificación de Alemaña a partir de fontes gráficas. *C. Com. Lingüís. – C. Aprender a aprender.*
- Establece as características propias da pintura, da escultura e da arquitectura do Neoclasicismo e do Romanticismo a partir de fontes gráficas. *Conciencia e expresións culturais.*
- Realiza un friso cronolóxico explicativo da Independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século

BLOQUE 3: DESCRITORES

- Analiza un eixe cronolóxico coas etapas da Revolución francesa, da época napoleónica e das Revolucións Liberais e dos nacionalismos. P. 045 As Revolucións...
- Explica o rexeitamento do Terceiro Estado dun sistema político e social que o marxinaba e a convocatoria por parte da nobreza dos Estados Xerais para rexeitar a reforma fiscal de Luis XV. P. 047 A. 4.
- Explica a secuencia de acontecementos que acabou co Antigo Réxime e detalla o novo réxime político en Francia que non puido consolidarse. P. 047 A. 5 e 6.
- Explica a radicalización da etapa republicana (1792-1799): república xirondina, república xacobina e república burguesa moderada. P. 051 A. 4-7.
- Completa un cadro comparando o poder, a sociedade, o sistema económico e fiscal e a organización xudicial antes e durante a Revolución francesa. P. 062 Completa...
- Identifica nun mapa os países que se viron afectados pola expansión napoleónica. P. 053 A. 4.
- Describe o intento das potencias europeas de restaurar a orde anterior ao Imperio napoleónico e á Revolución francesa no Congreso de Viena. P. 055 A. 3.
- Identifica por que os ideais liberais e nacionais se opuxeron ao sistema da Restauración impulsada no Congreso de Viena. P. 055 A. 4.
- Explica a primeira ondada revolucionaria dos partidarios do liberalismo entre o 1820 e o 1824 contra a represión das autoridades absolutistas. P. 055 A. 5 e 6.
- Explica a segunda ondada revolucionaria en Europa en 1830 e o establecemento de gobernos liberais moderados na Europa occidental. P. 055 A. 5 e 6.
- Identifica as reivindicacións sociais e políticas emerxidas na Revolución de 1848 e o espertar das nacións que supuxo. P. 056 A. 1; P. 057 A. 4-6
- Describe a Unificación de Italia a partir da lectura de textos de Garibaldi e de Cavour e da consulta dun mapa. P. 059 A. 1-3
- Describe a Unificación de Alemaña a partir da lectura de textos de Müller, Von Bismarck e Federico Guillerme IV, rei de Prusia, e a consulta dun mapa. P. 059 A. 4-6.
- Completa un cadro comparativo da Unificación de Italia e de Alemaña. P. 059 A. 7
- Interpreta o cadro *A coroación de Napoleón*, de Jacques-Louis David, un dos pintores que mellor encarnaron o espírito do Neoclasicismo. P. 052 A. 1
- Interpreta o cadro *A liberdade guiando o pobo*, de Eugène Delacroix, un dos pintores que mellor encarnaron o espírito do Romanticismo. P. 055 A.3
- Elabora un eixe cronolóxico que amosa cada país de América Latina independizado e a súa data de independencia. P. 064 Elabora un eixe...

TEMA 4**CONTIDOS • CRITERIOS DE AVALIACIÓN****BLOQUE 2: CONTIDOS**

- Constatación do nacemento dunha nova sociedade de clases no século XIX.
- Identificación dos dous grupos sociais que se conformaron no sistema económico capitalista e por que apareceu un novo tipo de conflito social.
- Descrición das orixes do mundo obreiro.
- Lectura das *Combination Acts*, as leis que prohibían a asociación dos traballadores para defender os seus intereses.
- Caracterización dos primeiros conflitos e identificación do ludismo como a primeira resposta de protesta dos traballadores ante a súa situación laboral e das accións que se levaron a cabo.
- Descrición das condicións laborais e de vida dos obreiros no século XIX.
- Interpretación dun gráfico sobre os gastos diarios dunha familia obreira.
- Lectura dun texto de Engels sobre o traballo infantil.
- Identificación das novas ideoloxías políticas que denunciaban os abusos do capitalismo liberal.
- Distinción entre o socialismo utópico, o pensamento marxista e as correntes anarquistas.
- Lectura dun fragmento do *Manifiesto comunista* de Marx e Engels.
- Lectura dun texto de Bakunin que manifesta as ideas anarquistas.
- Caracterización das primeiras organizacións obreiras: o nacemento dos sindicatos e do cartismo.
- Explicación das características da Primeira Internacional.
- Explicación das causas do fracaso da Primeira Internacional.
- Descrición da evolución do movemento obreiro entre os anos 1875 e 1914).
- Análise de por que e cando naceron os partidos socialistas e cales eran os seus obxectivos.
- Explicación das características da Segunda Internacional.
- Recoñecemento en gráficos da evolución positiva do salario real nalgúns estados europeos.
- Resumo das melloras laborais e dos avances dos dereitos sociais dos traballadores.
- Compleción dun cadro comparativo das características (organización, ideario, participantes, obxectivos, etc.) da Primeira e da Segunda Internacional.
- Elaboración dun cartel dixital sobre as demandas obreiras no século XIX.
- Constatación nunha imaxe da división de clases como o principal conflito social a partir do século XIX.

BLOQUE 2: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Describe as características do traballo e da sociedade industrial durante o século XIX prestándolles especial atención ás condicións de vida das clases populares.
- Empregar fontes documentais e interpretalas para coñecer diferentes doutrinas políticas ou ideolóxicas presentes no século XIX.
- Analizar e describir as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación dos obreiros do século XIX e reivindicar dereitos ou sistemas políticos alternativos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE • DESCRITORES

BLOQUE 2: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE

- Explicar os aspectos básicos das sociedades europeas do século XIX e os grupos sociais que a conforman. *Comunicación Lingüística – C. Aprender a aprender.*
- Describir as condicións de traballo dos traballadores industriais do século XIX e comprende a súa dureza. *Comunicación Lingüística – Soc. e Cívicas.*
- Le e interpreta textos representativos de diferentes ideoloxías. *Comunicación Lingüística – Soc. e Cívicas.*
- Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. *C. Comunicación Lingüística – C. Aprender a aprender – C. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.*
- Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro. *C. Aprender a Aprender – C. – C. Lingüística – C. Matemática... – Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.*

BLOQUE 2: DESCRITORES

- Explica como eran as vivendas e os barrios dos traballadores no século XIX. P. 071 A. 4.
- Analiza un gráfico sobre os gastos diarios dunha familia obreira e recoñece que o traballo apenas permitía a supervivencia dunha familia obreira. P. 071 A. 5.
- Distingue as condicións laborais e de vida dos obreiros no século XIX. P. 071 A. 1 a 3.
- Explica as condicións de traballo infantil e en que medida lle afectaba ao desenvolvemento dos nenos. P. 071 A. 6.
- Le un texto de Karl Marx e infire o eixe esencial das relacións sociais, segundo o marxismo. P. 072 A. 1.
- Le textos de Proudhon e de Bakunin e infire deles os principios básicos do anarquismo. P. 073 A. 2.
- Le textos históricos que lle permiten comparar o socialismo utópico, o pensamento marxista e as correntes anarquistas. P. 073 A. 3-6.
- Analiza a Acta fundacional da Asociación Internacional de Traballadores. P. 075, A. 2.
- Explica que foi a Segunda Internacional e que lle achegou ao movemento socialista e obreirismo. P.079 A. 5.
- Explica o enfrontamento entre as ideas do socialismo marxista e as do anarquismo como unha causa do fracaso da Primeira Internacional. P. 077 A. 1-6.
- Compara nun cadro os aspectos importantes (fundación e cronoloxía, organización, participación e ideoloxía, extensión, obxectivos e reivindicacións e feitos) da Primeira e a Segunda Internacional. P. 084 Completa...
- Recoñece as primeiras respostas de protesta dos traballadores ante a situación de explotación laboral que sufrían. P. 069 A. 3 e 4.
- Explica por que os traballadores empezaron a asociarse en sindicatos. P. 074 A. 1; P. 075 A. 3
- Caracteriza as asociacións Socorros Mutuos, as Trade Unions e a Great Trade Union como as primeiras asociacións de traballadores creadas entre os anos 1820 e 1830. P. 075 A. 3
- Explica que foi o cartismo e a importancia que tivo para a organización política da clase obreira. P. 075 A. 4.
- Explica as características da Primeira Internacional (a primeira Asociación Internacional de Traballadores), como se organizaba e as súas reivindicacións. P. 075 A. 5.
- Describe a evolución do movemento obreiro de carácter anarquista e a súa consolidación no anarcosindicalismo. P. 078 A. 1; P. 079 A. 3
- Explica as causas do nacemento dos sindicatos e os partidos socialistas, as súas características e os seus obxectivos. P. 079 A. 4.
- Explica algún dos avances en dereitos sociais dos traballadores conseguido grazas ao asociacionismo obreiro, como a mellora do salario. P. 081 A. 2.

TEMA 5**CONTIDOS • CRITERIOS DE AVALIACIÓN****BLOQUE 2: CONTIDOS**

- Identificación das principais innovacións tecnolóxicas da Segunda Revolución Industrial e a súa afectación na industria e na vida das persoas.
- Constatación nun gráfico de como a Segunda Revolución Industrial cambiou a estrutura da produción mundial en 1913.
- Análise nun gráfico do aumento do comercio internacional entre 1880 e 1928.
- Análise nun mapa das migracións europeas entre 1800 e 1914.
- Lectura de textos de Taylor e Ford para caracterizar e distinguir os novos métodos de produción: o taylorismo e o fordismo.
- Elaboración dunha presentación sobre o Ford T, un novo vehículo popular.
- Xustificación de por que as empresas tenderon á concentración industrial.

BLOQUE 2: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Describir as Revolucións Industriais do século XIX, establecendo os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais.
- Obter información que permita explicar as Revolucións Industriais do s. XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou online nas que se encontre dispoñible.

BLOQUE 4: CONTIDOS

- Descrición nun gráfico de claves das causas do imperialismo: causas políticas e demográficas, económicas, culturais e ideolóxicas.
- Caracterización da expansión colonial e da resistencia á conquista.
- Identificación nun mapamundi da repartición colonial e das guerras que se derivaron disto.
- Elaboración dun cadro coas colonias que posuía cada imperio en 1914.
- Descrición da organización política e administrativa que se crearon nas colonias.
- Procura na Internet de información sobre a administración colonial no congo Belga a través de fotografías da época.
- Constatación do impacto da dominación europea sobre os pobos colonizados no ámbito económico, político e social e cultural.
- Observación dun gráfico sobre o funcionamento da economía colonial.
- Lectura de textos históricos para analizar os argumentos dos colonizadores a favor da expansión colonial e as críticas que recibiron dalgúns dos seus contemporáneos.
- Observación e comentario dunha caricatura sobre o colonialismo francés.
- Xustificación de se a expansión colonial supuxo unha primeira globalización.
- Procura de información na Internet sobre a vida de Cecil Rhodes e constatación do seu carácter representativo do espírito colonial británico.

BLOQUE 4: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, establecendo as súas consecuencias.
- Localizar xeograficamente os territorios colonizados no século XIX polas diferentes potencias coloniais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE • DESCRITORES

BLOQUE 2: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE

- Explica razoadamente a evolución cara á II Revolución Industrial. *C. Comunicación lingüística – Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.*

- Analiza comparativa e esquematicamente as dúas Revolucións Industriais. *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor – C. Aprender a aprender.*

BLOQUE 4: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE

- Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da Segunda Metade do século XIX. *C. Aprender a aprender – C. Comunicación lingüística. – C. Sentido de iniciativa e espírito...*

- Localiza nun mapamundi as colonias das distintas potencias imperialistas. *C. Aprender a Aprender*

BLOQUE 2: DESCRITORES

- Explica as principais innovacións tecnolóxicas da Segunda Revolución Industrial e as súas consecuencias sociais e económicas. P. 091, Act. 2 e 3.
- Explica as causas da Segunda Revolución Industrial, como o uso da electricidade, os novos medios de transporte, a expansión das redes de telegrafía e o desenvolvemento de novos produtos. P. 090 A. 1; P. 091 A. 3
- Explica as causas do crecemento demográfico en Europa froito da segunda ondata de industrialización e a emigración da poboación europea a outros países. P. 091 A. 4.
- Analiza con sentido crítico o taylorismo e o fordismo. P. 093 A. 1-5.
- Distingue as innovacións consecuencia da segunda revolución industrial en comparación coa primeira. P. 102 A. 1
- Analiza e compara as dúas Revolucións Industriais mediante un esquema. P. 104 Elabora un mapa...

BLOQUE 4: DESCRITORES

- Explica nun gráfico de claves os factores impulsores da formación de imperios coloniais: políticos, demográficos, económicos, culturais e ideolóxicos. P. 095 A. 2.
- Explica como se organizaron administrativamente os imperios coloniais e os diversos tipos de dominación exercida pola metrópole. P. 095 A. 2.
- Identifica as consecuencias da dominación europea para os pobos colonizados a partir da lectura de fontes secundarias. P. 099 A. 3.
- Recoñece as consecuencias da dominación europea sobre os pobos colonizados no ámbito económico, político, social e cultural. P. 099 A. 3.
- Completa un cadro cos oito principais conflitos coloniais, indicando a cronoloxía, os países implicados, as causas e a súa resolución. P. 097 A. 3.
- Relaciona os conflitos desatados a causa da expansión colonial co aumento da tensión internacional previa á Primeira Guerra Mundial. P. 097 A. 4.
- Concibe a expansión colonial como unha primeira globalización mundial a partir dos textos lidos e dos gráficos analizados. P. 102 A. 4.
- Analiza os aspectos positivos e negativos da colonización e xustifica se a expansión colonial tivo un cariz máis civilizador ou máis dominador. P. 101 A. 4.
- Localiza en dous mapas a distribución das colonias e conclúe cal é a principal potencia colonizadora. P. 088 e 089 A dominación europea do mundo...
- Localiza nun mapamundi as colonias de cada imperio no século XIX para poder elaborar un cadro descritivo. P. 097 A. 1.

TEMA 6**CONTIDOS • CRITERIOS DE AVALIACIÓN****BLOQUE 4: CONTIDOS**

- Caracterización profunda da monarquía liberal da Gran Bretaña.
- Constatación nunha táboa da ampliación do voto en Gran Bretaña entre 1831 e 1885.
- Descrición da evolución do II Imperio á III República en Francia.
- Identificación nun gráfico do sistema político da Alemaña de Bismarck
- Lectura dun texto sobre o imperialismo alemán.
- Comparación dos sistemas políticos de Gran Bretaña, Francia e Alemaña e constatación do máis democrático e do máis autoritario.
- Caracterización da Inglaterra vitoriana.
- Identificación en imaxes do ideal de vida das clases acomodadas.
- Constatación en imaxes das diferenzas sociais na Inglaterra vitoriana entre a clase alta e a clase obreira.
- Caracterización de Francia como modelo de república democrática.
- Identificación nun gráfico das institucións da terceira república.
- Xustificación da ampliación de dereitos e liberdades que tivo lugar na III República.
- Identificación dos símbolos da República.
- Relación entre o proceso de crecemento económico alemán e o reforzamento do nacionalismo e o militarismo no país.
- Caracterización do modelo industrial alemán e comparación co británico.
- Análise de gráficas sobre o crecemento demográfico e a expansión do comercio en Alemaña entre 1880 e 1913.
- Descrición das características da monarquía dual Austria-Hungría e de como se gobernaba en cada un dos territorios.
- Identificación do problema de nacionalidades ao que se enfrontaba o Imperio austrohúngaro.
- Descrición das características territoriais do imperio ruso e da súa forma de goberno e do seu sistema económico e social a mediados do século XIX.
- Análise das reformas introducidas polo tsar Alexandre II e das súas consecuencias.
- Xustificación de como se converteron os EE.UU nunha nación cun enorme territorio e nunha gran potencia económica.
- Explicación das causas que conduciron á guerra civil nos Estados Unidos.
- Descrición do proceso de industrialización do Xapón.
- Comparación do sistema político de Gran Bretaña e dos Estados Unidos a principios do século XX.

BLOQUE 4: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Describir as transformacións e conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX distinguindo o seu desenvolvemento e os factores que provocaron o seu inicio.
- Analizar diversos tipos de imaxes para comprender, coñecer e recrear a vida cotiá de Europa entre 1870 e 1914.
- Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, además de Xapón e dos Estados Unidos a finais do século XIX presentando información que explique tales feitos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE • DESCRITORES

BLOQUE 4: ESTÁND. DE APRENDIZAXE E COMPET. CLAVE

- Sintetiza en diferentes tipos de documentos os aspectos clave da organización social, económica e política de Europa entre 1870 e 1914. *C. Aprender a aprender. – C. Comunicación lingüística.*

- Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra Vitoriana. *Conciencia e expresións culturais.*

- Analiza con detalle a evolución durante a Segunda Metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Imperio Austrohúngaro, Rusia, Estados Unidos e Xapón. *C. Aprender a apr... – Com. ling. – C. Sentido de la iniciativa...*

- Identifica e explica razoadamente os feitos que converten a Alemaña durante o mandato de Bismarck nunha potencia europea. *C. lingüística... – C. matemática... – Aprender...*

BLOQUE 4: DESCRITORES

- Interpreta un eixe cronolóxico que reflicte os acontecementos que tiveron lugar no período entre as revolucións liberais e a Primeira Guerra Mundial e as leis que iniciaron estes cambios. P. 109 As grandes...
- Explica as características comúns que presentaban os países con reximes liberais democráticos. P. 111 A. 2.
- Distingue as diferenzas entre Gran Bretaña, Francia e Alemaña e identifica que país tiña o sistema político máis democrático e cal o máis autoritario. P. 111 A. 3.

- Identifica unha mostra do esplendor e a potencia da industria británica na época vitoriana nunha imaxe da exposición universal de Londres de 1851. P. 113 A. 2.
- Observa imaxes e explica diferenzas entre os grupos sociais da Inglaterra Vitoriana, os valores predominantes e o ideal de vida das clases acomodadas. P. 113 A. 3.

- Elabora un eixe cronolóxico que reflicte os gobernos e monarcas de cada estado e os feitos máis importantes ocorridos en cada etapa. P. 128 *Completa o eixe.*
- Identifica e explica as causas do predominio do Reino Unido no comercio mundial. P. 113 A. 1.
- Describe o funcionamento do modelo de república democrática en Francia (III República) e a ampliación de dereitos e liberdades que impulsou. P. 113 A. 1 e 2.
- Explica as características da monarquía dual de Austria-Hungría e como se gobernaba en cada territorio. P. 119 A. 4.
- Xustifica a que problema de nacionalidades se enfrontaba o Imperio austrohúngaro. P. 119 A. 5.
- Explica as características territoriais, políticas, económicas e sociais do Imperio Ruso. P. 121 A. 3.
- Explica as reformas que introduciu o tsar Alexandre II, por que se paralizaron e as consecuencias que se derivaron disto. P. 121 A. 4.
- Explica como se converteron os EE.UU nunha nación cun enorme territorio e nunha gran potencia económica. P. 123 A. 6.
- Explica cando e por que no Xapón se iniciou un proceso de industrialización e que características tivo. P. 123 A. 7.

- Explica as características da industria alemá, baseada nas técnicas e experiencias da revolución industrial inglesa e a estreita colaboración coa banca e co Estado. P. 117 A. 1 e 2.
- Analiza o crecemento da poboación durante o mandato de Bismarck como unha das razóns do crecemento económico de Alemaña. P. 117 A. 3.
- Explica cal era a posición alemá no comercio mundial durante o mandato de Bismarck e como se reflectía nas exportacións. P. 117 A. 4.
- Explica que medidas tomou Alemaña con respecto á moeda e á banca e caracteriza a relación existente entre o Estado e os homes de negocios. P. 117 A. 5.

TEMA 7**CONTIDOS • CRITERIOS DE AVALIACIÓN****BLOQUE 4: CONTIDOS**

- Identificación do imperialismo e do nacionalismo como as causas da Primeira Guerra Mundial.
- Descrición dos dous bloques de alianzas que se formaron e as aspiracións de cada un deles: a Tripla Alianza e a Tripla Entente.
- Xustificación de por que se calificou de “Paz Armada” o período anterior á guerra.
- Identificación do acontecemento que supuxo o estalido da Primeira Guerra Mundial.
- Identificación, a partir de fontes primarias e secundarias, das responsabilidades dos diferentes causantes da guerra.
- Xustificación da responsabilidade de Alemaña no estalido da guerra a partir da lectura de textos.
- Análise nun cadro do potencial dos países implicados no conflito.
- Identificación nun mapa do desenvolvemento da Primeira Guerra Mundial.
- Descrición da primeira fase da guerra: A guerra de movementos (1914).
- Explicación da guerra de trincheiras (1915-1916).
- Lectura dn texto descritivo de como era a vida nas trincheiras.
- Descrición das circunstancias que conduciron á crise de 1917 e ao armisticio.
1. O legado da Primeira Guerra Mundial
2. Os felices anos vinte nos Estados Unidos
3. Resolve a cuestión. Como se xera unha burbulla especulativa?
4. A Gran Depresión
5. Resolve a cuestión. Como se espallou a crise ao resto do mundo?
6. As propostas de recuperación da crise
7. Investiga. A vida cotiá durante a Gran Depresión
8. Síntese. Como se fraguou a crise económica da década de 1930?

Técnicas de estudo – Métodos de traballo histórico

Aplica o aprendido – Espazo web

TEMA 10. OS RÉXIMES TOTALITARIOS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS (1918-1939)

1. A Europa de entreguerras: totalitarismo e democracia
2. Resolve a cuestión. Que elementos definen o fascismo?
3. O fascismo italiano (1922-1945)

4. Resolve a cuestión. Como conseguiu o Partido Nazi chegar ao poder en Alemaña?
5. A nazificación de Alemaña
6. Resolve a cuestión. Que pretendía o proxecto nacional e racial do Partido Nazi?
7. O totalitarismo soviético
8. Estudo dun caso. A represión stalinista
9. Síntese. Por que triunfaron os totalitarismos?

Técnicas de estudo – Métodos de traballo histórico

Aplica o aprendido – Espazo web

TEMA 11. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (1939-1945)

1. As causas da Segunda Guerra Mundial
2. Estudo dun caso. O imperialismo xaponés
3. As ofensivas e vitorias do Eixe (1939-1942)
4. Investiga. Que significou a ocupación nazi de Europa?
5. As contraofensivas aliadas e o final da guerra
6. Resolve a cuestión. Que papel xogou a resistencia fronte ao nazismo?
7. As consecuencias da guerra
8. Investiga. De Núremberg á Haia: cara a unha xustiza internacional?
9. Síntese. Cales foron as fases da Segunda Guerra Mundial?

Técnicas de estudo – Métodos de traballo histórico

Aplica o aprendido – Espazo web

(III TRIMESTRE)

TEMA 12. UN MUNDO BIPOLAR (1945-1991)

1. A formación de bloques antagónicos
2. Resolve a cuestión. Por que os antigos aliados se converteron en inimigos?
3. Crises e conflitos armados durante a Guerra Fría
4. Resolve a cuestión. Por que perderon a guerra de Vietnam os Estados Unidos?
5. A coexistencia pacífica
6. Investiga. O equilibrio do terror na era atómica
7. Síntese. En que consistiu a bipolarización do mundo?

Técnicas de estudo – Métodos de traballo histórico

Aplica o aprendido – Espazo web

TEMA 13. A FIN DOS IMPERIOS COLONIAIS

1. Causas e vías do proceso de descolonización
2. Fases do proceso de descolonización
3. Investiga. Os conflitos do proceso de descolonización
4. Resolve a cuestión. Por que non foi posible manter a unidade da India tras a independencia?
5. Estudo dun caso. A creación do Estado de Israel e a cuestión palestina

6. Investiga. África do Sur e o apartheid
7. O movemento de países non aliñados e o neocolonialismo
8. Síntese. En que consistiu o proceso de descolonización?

Técnicas de estudo – Métodos de traballo histórico

Aplica o aprendido – Espazo web

TEMA 14. O BLOQUE COMUNISTA (1947-1991)

1. A hexemonía soviética
2. Estudo dun caso. A Revolución Chinesa
3. A influencia soviética no mundo
4. Resolve a cuestión. Que conflitos e revoltas se produciron na Europa do Leste?
5. Do inmovilismo ás reformas de Gorbachov
6. A creba do imperio soviético
7. A partición de Iugoslavia
8. Síntese. Como pasou a URSS de ser unha potencia a desintegrarse?

Técnicas de estudo – Métodos de traballo histórico

Aplica o aprendido – Espazo web

TEMA 15. O BLOQUE CAPITALISTA (1945-1991)

1. O liderado dos Estados Unidos no mundo capitalista
2. Investiga. O macartismo: a caza de meigas
3. A evolución de Europa Occidental
4. Estudo dun caso. Cara á construción de Europa
5. Resolve a cuestión. Cal foi o soño revolucionario da década de 1960?
6. A crise da década de 1970 e o neoliberalismo da década de 1980
7. Estudo dun caso. Xapón e os novos países industrializados
8. Síntese. Como evolucionaron os países capitalistas baixo o liderado económico dos EUA?

Técnicas de estudo – Métodos de traballo histórico

Aplica o aprendido – Espazo web

TEMA 16. O MUNDO ACTUAL

1. Unha nova (des)orde mundial
2. Europa do Leste tras a desaparición da URSS
3. Investiga. Os retos da Unión Europea
4. O mundo islámico
5. Investiga. África, un continente excluído e en permanente conflito
6. Resolve a cuestión. Como construír a paz nas zonas en conflito?
7. A situación actual de Latinoamérica
8. Resolve a cuestión. Son os BRICS unha alternativa ao liderado estadounidense?
9. Un mundo globalizado e intercomunicado

10. Síntese. Cara a unha nova orde mundial máis multipolar

6. CONCRECIÓNS METODOLOXICAS.

6.1. METODOLOXÍA XERAL E ESPECÍFICA

As unidades correspondentes a Historia do Mundo Contemporáneo pretenden que o alumnado acade un coñecemento do pasado máis entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual. Farase un labor de construción por medio da utilización de materiais ou fontes sinxelas que procederán do libro ou serán facilitados polo departamento. Sempre intentará facerse referencia á realidade máis próxima ao alumnado, e se é posible tratarase de poñelo en contacto con esa realidade para dese xeito conseguir un achegamento á mesma e unha mellor comprensión do proceso histórico.

Faremos uso de material complementario de carácter audiovisual: presentacións, documentais, filmes de materia histórica... Tamén empregaremos material procedente dos medios de comunicación (prensa), internet, así como anuarios estatísticos e outras fontes.

Estas imaxes proxéctanse en clase cun ordenador e un canón e pódese debuxar sobre elas pra complementar a explicación.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS

Recursos Didácticos

Para cada tema os Recursos Didácticos dos que se dispón son os seguintes:

- ✚ Manual de texto: Historia do Mundo Contemporáneo. 1º Bach. Ed. Vicens Vives. Complementado con libros de outras editoriais e apuntes elaborados polos membros do Departamento.
- ✚ Xornais e revistas. Biblioteca do centro.
- ✚ Videos documentais, páx. Youtube e TIC. (web2), ordenador da aula, tablets e smartphones do alumnado, cando o profesorado o requira e o permita.
- ✚ Mapas murais históricos.

8. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Debido a que a maioría do alumnado de 2º de Bacharelato presentaranse á proba de acceso á universidade (ABAU) parécenos oportuno ao longo do curso utilizar probas escrita de similar ou idéntica presentación á que deberán superar nesa ocasión.

En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de forma que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

A Avaliación realizarase igualmente a través dos Criterios de Avaliación e os Estándares de Aprendizaxe que poderemos avaliar a través da Rúbrica de Avaliación. Igualmente poderemos levar a cabo unha Avaliación Competencial a partir da rúbrica proposta: *Avaliación das Competencias Clave*.

O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non debe ser medido de forma mecánica, senón con **flexibilidade**, e tendo en conta a situación do alumno, o curso en que se atopa, ademais das súas propias características e posibilidades. Á súa vez, a avaliación, cumpre, fundamentalmente, unha **función formativa**, porque lle ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución dos sucesivos niveis de aprendizaxe dos seus alumnos, coa conseguinte posibilidade de aplicar mecanismos correctores das insuficiencias

advertidas. Por outra banda, eses indicadores constitúen unha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensino. Por iso, os criterios de avaliación veñen a ser un referente fundamental de todo o proceso interactivo de ensino e aprendizaxe.

8.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Desenvolvemento de temas, comentarios de obras de arte.
- Compresión de textos, terminoloxía, técnicas artísticas e corrección ortográfica.
- Resolución de exercicios e traballos de investigación.
- Completar frases, relacionar conceptos ou termos.
- Resposta a preguntas ou cuestións.
- Cuestións Verdadeiro/Falso.
- Lectura expresiva.

Ó comezo do curso faise unha avaliación inicial, consultando ós alumnos e interpretando o seu historial escolar. Ten por obxecto partir dos coñecementos que xa teñen para construí-la nova fase de aprendizaxe.

A avaliación formativa ou orientadora faise durante o proceso de aprendizaxe, observando sistematicamente o progreso, dificultades,... do alumno en dito proceso.

A avaliación sumativa ou final faise ó remate do proceso de aprendizaxe determinando se o alumno adquiriu as capacidades requiridas e en qué grao.

A avaliación ordinaria:

Farase en tres avaliacións, de tal xeito que os contidos mínimos das primeiras avaliacións poden estar presentes nas seguintes e segundo os criterios de cualificación que se explicitan.

Os instrumentos de avaliación a utilizar co fin de coñecer o grao de comprensión dos conceptos e procesos, son:

- A participación no traballo de grupo.
- A participación en debates e exposicións.
- A realización de sínteses mediante esquemas, resumos ou gráficos.
- A cantidade e calidade dos coñecementos adquiridos.
- A comprensión dos mesmos.
- A capacidade de síntese e análise.
- A comprensión e desenvolvemento das actividades.
- A utilización das fontes de información.
- Probas escritas e traballos individuais e en grupos.

Nos traballos avaliarase a calidade, exposición, coordinación, interese e participación.

Procedimental (análise e comentario de documentos específicos da materia)

Esta proba pode referirse ao comentario de textos relacionados cos contidos tratados, comentarios de cadros e táboas estadísticas, gráficos...

Cartografía histórica (localización e análise de mapas políticos ou temáticos, planos). O material cartográfico deste exercicio pode referirse a calquera dos contidos recollidos no currículo da materia: económicos ou demográficos, mapas políticos de división administrativas, de transportes e vías de comunicación. Nos exercicios de localización, as respostas deberán ter un grao de precisión suficiente para seren valoradas de forma positiva, polo que o alumnado situará de forma inequívoca (mediante punto, liña ou contorno) aquilo que se lle requira no enunciado.

É importante realizar ó remate de cada unidade didáctica algún repaso de actividades representativas que nos informen do grao de comprensión da unidade.

Sempre adecuándose ás modalidades citadas de ensino presencial, semipresencial e non presencial utilizarase medios electrónicos, telemáticos e semellantes como:

Preferentemente a Aula virtual do centro, Libro dixital EnRed e Edubook da editorial Vicens Vives, Google Classroom, Abalar, Google Forms, GMail, Kahoot, Edmodo e aplicacións de vídeoconferencia e similares como Webex, Zoom ou Google Meet.

Ademais, o profesorado poderá concertar entrevistas individuais co alumnado a través de videochamada como parte dos procedementos e instrumentos de avaliación nos casos que estime oportunos.

As probas escritas serven para que o alumno se dea conta dos seus avances e dificultades, o tempo que nos permiten detectar qué conceptos, procedementos ou actitudes deben ser reforzados.

8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os **criterios** para cualificar os alumnos serán os seguintes:

- Probas escritas (exames) ou dixitais nas que o alumnado deberá contestar a preguntas tanto teóricas como prácticas.
- No caso de ter cadernos do traballo en papel ou dixital. O alumnado deberá ter a o día o seu caderno cos diferentes exercicios e esquemas que se van realizando na aula.
- Ter unha actitude positiva e participativa na aula, tanto no que se refire o seu interese, como no que se refire ao traballo e ao esforzo.
- A ponderación dos exames escritos, dixitais ou traballos específicos na nota de avaliación será como mínimo do 80%, dependendo do número de exámes feitos, en cada avaliación haberá como mínimo dous exames.
- A ponderación de outros traballos escritos, dixitais ou traballos específicos, exposicións oráis, cuestións, tests e as actividades diarias da clase que se realicen durante a avaliación será como máximo do 20%, dependendo do número de traballos feitos.
- Para poder aprobar cada avaliación será imprescindible obter unha calificación de 5 ou superior na nota ponderada dos exames feitos en dita avaliación.
- Ter unha avaliación suspensa implica a obrigaón de recuperala, non a recupera facendo media coas demais avaliacións.
- Para aprobar o curso e ter a materia superada é necesario ter aprobadas as tres avaliacións. Neste caso a nota final do alumno será a media aritmética das tres.
- Cada exame sinalará o valor de cada unha das preguntas.
- Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:
 - Si o alumno obtivo como promedio unha cifra enteira, transcribirase esta sen alteracións nas actas.
 - Si o alumno obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación:
 - Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis(exemplo: 7´6 se transcribirían nas actas como un 8), sempre que a nota supere o 5.
 - Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis(exemplo: 6´4 ou 7´3 se transcribirían como un 6 ou un 7).
- Se algún alumno é descuberto copiando nun exame, falando con compañeiros ou utilizando sistemas electrónicos para copiar, cualificaráselle con un 0, e suspenderá dita avaliación.

O alumnado que ao longo do curso non acaden os obxectivos reflectidos nesta programación poderán realizar exames de recuperación. Estes exames realizaranse segundo o criterio do profesor que imparte a materia, aínda que preferentemente ao final da terceira avaliación,

tendo dereito á realización dos mesmos o alumnado que teña unha ou como máximo dúas avaliacións suspensas.

- A nota que obteña na recuperación será a que computa para a final da avaliación ordinaria.
- Poderán facer voluntariamente o exame de recuperación o alumnado que desexe obter máis nota da obtida na avaliación ordinaria, no caso de non superala mantense a obtida na avaliación.
- O exame da avaliación extraordinaria será o mesmo para todos os grupos co fin de homoxeneizar os niveis e coordinar a materia impartida polos diferentes profesores.
- Actividades de reforzo e de ampliación: Despois da realización das probas da última avaliación (datas indicadas no calendario escolar) e durante o tempo entre elas e a proba extraordinaria, realizaránse actividades de reforzo e ampliación segundo o caso. O profesorado poderá ofrecer explicacións dos contidos e diferentes tipos de exercicios ou actividades que intenten solucionar o déficit do alumnado na materia.
- O alumnado e as súas familias serán informados destes criterios de cualificación. Na cortiza da aula e na aula virtual de cada grupo, o profesorado engadirá os criterios. Tamén explicaránse de viva voz nas aulas ao inicio do curso e procurarase que o alumnado os comprendan. En canto ás familias poderan acudir a páxina web do centro onde se publicará esta programación.

9. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E INDICADORES DE LOGRO

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítenos avaliar en cinco niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente, ao mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino nunha escala de 1-4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
6. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.
7. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
8. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
9. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Indicadores de logro da práctica docente nunha escala de 1-4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
7. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

10. RECUPERACIONES E PROBAS EXTRAORDINARIAS

RECUPERACIÓN PARA OS ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES DOUTROS CURSOS

Tal e como establece o apartado 22.2 do Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro; aqueles alumnos e alumnas que, excepcionalmente, sexan promocionados de curso polo equipo docente con materias pendentes, deberán facelo cun plan personalizado de recuperación destas materias nas que se terán presentes:

- ✓ Os aspectos relacionados coas expectativas de recuperación das materias pendentes por parte do alumnado.
- ✓ Os Criterios de Avaliación establecidos polo centro e o docente da materia.
- ✓ Os Estándares de Aprendizaxe que desenvolven estes Criterios de Avaliación.
- ✓ Os recursos e o equipo docente para realizar as actividades de recuperación para os alumnos con materias pendentes doutros cursos.

Instrumentos de Avaliación

Fichas e traballos de reforzo.

Reunións trimestrais cos alumnos para falar da súa traxectoria dentro da materia.

Pequenos traballos ou informes individuais por escrito.

Asistencia as horas de recuperación no seu caso, que serán fixadas pola dirección en horario de tarde, donde lle se darán pautas a seguir para un mellor aproveitamento da materia que debe superar coa supervisión do profesor que lle axuda na recuperación da devandita materia.

Sistema de Avaliación

Dúas probas escritas teóricas durante o curso académico, probas eliminatorias se son superadas durante a o devandito curso. De no seren así, poderán presentarse a unha proba final que terá lugar no mes de maio ou no mes de setembro, se tamén suspende esta última.

Deberán realizar tamén como mínimo dous traballos por medios dixitais a desenvolver ao longo do curso, baixo as directrices do profesorado encargado do alumnado pendente ou polo xefe do Departamento.

Metodoloxía

Reunións periódicas co alumnado e información mediante o correo corporativo para complementar as súas actividades e estudio dos temas por parte deles para intentar a consecución dunha construción conceptual, procedimental e actitudinal axeitada a súa evolución.

11. PROCEDEMENTOS NO CAMBIO DE MODALIDADE EN BACHARELATO

Para aqueles alumnos de 2º Bachillerato coa asignatura Historia do Mundo Contemporáneo pendente por causa de cambio de modalidade e con o fin de facilitar e estruturar o traballo de este alumnado, dividiuse a asignatura en dous parciais que se realizarán, aproximadamente, nas seguintes datas e seguindo o modelo do alumnado con materias pendentes descrito no apartado anterior.

- Primeira parte: finais do primeiro trimestre. Comprenderá do tema 1 ao 5 ambos inclusive.
- Segunda parte: principios do terceiro trimestre. Abarcará do tema 6 ao final do temario.
- Deberán realizar tamén como mínimo dous traballos por medios dixitais a desenvolver ao longo do curso, baixo as directrices do profesorado encargado do alumnado pendente ou polo xefe do Departamento.
- O alumnado que non superen a asignatura na forma anteriormente descrita deberán realizar un exame de toda a materia a finais do mes de abril

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

Ó comezo de curso faise unha avaliación inicial, consultando ós alumnos e interpretando o seu historial escolar. Ten por obxecto partir dos coñecementos que xa teñen para construí-la nova fase de aprendizaxe.

Valorarase os coñecementos previos que se teñen sobre cada un dos aspectos avaliados antes de iniciar un tema ou unidade didáctica valorando se: son suficientes, se deben mellorar ou se descoñecen.

Data prevista de realización: Primeiras semanas de outubro.

Proba escrita: Constará dunha relación de preguntas teóricas, mapas físicos, gráfico, tipo test, etc. O obxectivo da proba será determinar o grao de consolidación de contidos previos (referidos ao curso ou etapa anterior) e tamén o nivel do alumnado nas competencias básicas.

Calificarase en base a 10. As probas de Avaliación Inicial parten dos obxectivos, competencias e contidos mínimos que o alumnado debeu adquirir ao finalizar o curso anterior. Teremos por tanto preguntas de contidos (cortas e concretas) e tamén preguntas máis abertas e a desenvolver por parte do alumnado para que nos poidan proporcionar unha información máis global do nivel do alumnado (comprensión lectora, expresión escrita, razonamento, motivación...)

Mecanismo para informar ás familias: No caso de carencias de contidos moi acusada informarase a familia a través do seu titor/a así como a o departamento de Orientación do Centro.

Consecuencias dos resultados da proba: A avaliación inicial permítenos coñecer o punto de partida do proceso de ensino-aprendizaxe. Servirá para marcar o nivel de partida dos novos contidos do curso, o número de alumnos que deben recibir reforzo na aula, apoio fóra da aula, materiais específicos que se necesitan etc.

13. MEDIDAS ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado.

O Bacharelato forma parte do ensino postobrigatorio. En consecuencia, e unha vez obtido o Título de Graduado en ESO, non debería haber maiores problemas de diversidade. De todos os xeitos, sempre haberá distintos ritmos e diferentes estilos de aprendizaxe e terase Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado en relación aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno na aula. En consecuencia, deberán programarse actividades de reforzo e de ampliación.

Así mesmo, ao alumnado, cada vez mais abundante, procedente do exterior (outras Comunidades, Hispanoamérica e Marrocos p.e.) de incorporación tardía ao noso sistema educativo e con problemas na lingua castelá e na lingua galega facilitaránselles apuntamentos, textos e mesmo exames en lingua castelá para unha mellor interacción didáctica.

Diversificación curricular: Nun principio neste nivel non existen adaptacións curriculares individuais.

Adaptación curricular: Non se contemplan este tipo de medidas na etapa postobrigatorio.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

14.1. FOMENTO DA LECTURA. COMPRENSIÓN LECTORA. EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Fomento da Lectura. Comprensión Lectora.

O departamento realizará un seguimento da expresión oral e escrita do alumnado. Para isto analizarase a capacidade de construír frases coherentes, elaborar temas e definir conceptos nas distintas actividades realizadas; así como a capacidade do alumnado para levar a cabo unha lectura comprensiva dos contidos do libro e doutros documentos propostos polo profesor ou profesora.

En canto aos posibles instrumentos utilizados para realizar a avaliación do anteriormente exposto pódense salientar entre outros os seguintes:

- ✓ Corrección das probas escritas realizadas polo alumnado, prestando atención e valorando debidamente a capacidade expresiva, a ortografía e a caligrafía.
- ✓ Realización de redaccións sobre temas relacionados coa materia estudada por parte dos alumnos e alumnas, redaccións que unha vez realizadas deberán lerse na clase.
- ✓ Valoración das actividades realizadas no caderno de clase, esixíndose un mínimo de orde, coherencia, limpeza e lexibilidade.
- ✓ Proposta de traballos de índole variada que deberían presentarse escritos a man.

- ✓ Lecturas de textos diversos, ben do libro ben do periódico ou de calquera outro material didáctico, coa finalidade de comprobar se existe unha lectura comprensiva das mesmas.

Realizáanse diversas actividades sempre adecuadas ao seu nivel e relacionadas co ámbito de estudo que se está desenvolvendo en cada momento. Na medida do posible se coordinarán estas actividades con outros departamentos, en especial con o de Lingua Castelá e Literatura. Así, ao longo do curso realizáanse lecturas e actividades diversas:

- ✓ Lectura dun libro relacionado co currículo. Trala lectura os alumnos realizarán un traballo contestando unha serie de preguntas sobre o libro e o seu contexto histórico e cultural.
- ✓ Lectura de fragmentos de obras literarias que nos axudarán a coñecer o ambiente histórico, artístico e cultural da época de estudo.
- ✓ Lectura e comentario de artigos en revistas especializadas sobre temas concretos da materia.
- ✓ Análise de artigos xornalísticos.
- ✓ Fomentar a participación en actividades programadas polo Centro, municipio, asociacións, etc., que fomenten e acheguen a lectura do alumno.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

14.2. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

As TIC son soporte para as actividades de busca de información e para a realización de tarefas complexas. Estes recursos son cada vez máis usados pola súa gran capacidade para motivar aos alumnos, de maneira que se convierten non só nun fin como transmisores de contidos propios da asignatura senón que ademais transfórmanse nun instrumento para o tratamento directo de información por parte do profesor e do alumnado.

O alumnado de 1º de BACH ten á súa disposición para o desenvolvemento das TICs das aulas de Informática de que dispón o Centro máis o encerado dixital con que esta dotada a aula.

Todo o material da materia (teoría, imaxes, gráficos, exercicios, ...) están incorporados á Aula Virtual da Web do Centro e poderá "baixarse" de Internet ou, para aqueles alumnos/as que non dispoñan de conexión a Internet, en formato CDRom ou DVD.

As actividades deseñadas para desenvolver esta competencia son basicamente de 2 tipos:

- a) Apoio e reforzo dos temas explicados. Todos os temas van poder apoiarse en páxinas web, textos e imaxes.
- b) Procura de información utilizando as novas tecnoloxías: dicionarios dixitais, páxinas Web, periódicos dixitais, blogs, foros, ... Sesións de investigación e busca de información de diversos temas en Internet, tanto pola súa conta en casa como en sesións de clase.

c) Elaboración de traballos que recollen de forma organizada a información atopada nos distintos medios. Para iso deben aproveitar as vantaxes que ofrecen os procesadores de texto xa que teñen que ser entregados en soporte dixital ou enviados a través do correo electrónico.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

14.3. CONVIVENCIA

Na clase de Xeografía e Historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes, resulta ser un lugar adecuado para favorecer a convivencia escolar, promovendo un ambiente de respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar. A materia de Xeografía e Historia permite a través dos contidos, as imaxes e os textos, e desde a propia acción educativa na aplicación da materia nas aulas, fomentar valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz.

Na educación actual é cada vez máis necesario dispor dun currículo no que valores, saberes, prácticas e comportamentos teñan como finalidade común conseguir que no futuro as alumnas e os alumnos participen plenamente nunha sociedade tolerante, solidaria, responsable e dialogante. A Educación cívica e constitucional contribúe a desenvolver este novo reto educativo propiciando a adquisición de habilidades e virtudes cívicas para exercer a cidadanía democrática, desenvolvendo o coñecemento das nosas institucións e do noso ordenamento xurídico básico e favorecendo a convivencia en sociedade.

Así, este elemento educativo transversal pretende o desenvolvemento das alumnas e os alumnos como persoas dignas e íntegras, o que esixe reforzar a autonomía, a autoestima e o afán de superación, e favorecer o espírito crítico para axudar á construción de proxectos persoais de vida. Tamén se contribúe a mellorar as relacións interpersoais na medida en que a educación cívica e constitucional favorece a utilización sistemática do diálogo. Para isto, propóñense actividades que favorecen a convivencia, a participación, o coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, que deben permitir consolidar as virtudes cívicas necesarias para unha sociedade democrática.

Desde a propia acción educativa na aplicación da materia nas aulas, débense fomentar valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia. Respecto a iso, queremos subliñar que o decreto 86/2015, destaca de forma significativa a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

A educación en valores na materia de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, está presente en todo o proxecto curricular e reforzase no traballo diario na aula, valorando:

- O diálogo e as actitudes críticas e tolerantes.
- O esforzo e os hábitos de traballo.

- Os valores democráticos e os dereitos e liberdades asociados.
- A diversidade social e cultural do planeta.
- O respecto polo patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e a responsabilidade na súa conservación.

Así mesmo, contribúese a adquirir o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización das sociedades democráticas, a valorar positivamente a conquista dos dereitos humanos e a rexeitar os conflitos entre os grupos humanos e as situacións de inxustiza.

A identificación dos deberes cidadáns e a asunción e exercicio de hábitos e virtudes cívicas adecuadas á súa idade na redonda escolar e social, permitirá que os futuros cidadáns se inicien na construción de sociedades máis cohesionadas, libres, prósperas, equitativas e xustas.

14. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

14.4 OUTROS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Ademais dos elementos transversais especificamente traballados nos anteriores epígrafes do apartado 9 desta Programación Didáctica, e tal e como se establece no Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, traballaranse de forma específica os seguintes elementos transversais:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse en todo caso comportamentos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.
- Elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.
- Fomento da alimentación equilibrada e da actividade física moderada como fontes de saúde.

18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ante a continuación da situación excepcional que se presenta neste curso académico e que implica a posibilidade da realización de clases presenciais, semipresenciais e non presenciais. O Departamento non contempla polo de agora fomentar e organizar actividades complementarias e extraescolares, no caso que a situación evolucione favorablemente e sexa factible realizar actividades, propón as seguintes:

As actividades constitúen un dos eixes fundamentais do proceso de aprendizaxe xa que na súa realización o alumnado adquire un papel activo. Realizaranse actividades nas que o alumnado deba despreñar a súa capacidade de actuación, de reflexión e de creación. Fundamentalmente, os tipos de actividades que se presentan son os seguintes:

- Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes. Realización dun vocabulario xeográfico e histórico (os alumnos/as elaborarán un glosario de términos que terán que presentar á profesora/or),
- Actividades de síntese de información, realización de esquemas, resumos, toma de apuntes en clase.
- Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de diferente natureza: textos, gráficos, obras de arte, mapashistóricos, debuxos satíricos, esbozo de batallas, carteis propagandísticos, obras cinematográficas, obxectos, etc.
- Redacción de traballos de temática histórica, pequenos traballos de investigación ofrecendo un guión delimitando os apartados sobre os que queremos obter información.
- Outras saídas de interese coordinadas con outros departamentos didácticos.
 - Saídas a museos. Belas Artes, Museo Arqueolóxico e Torre de Hércules.
 - Fundacións Barrié e ABanca.
 - Visita a A Coruña (cidade vella e modernista).
 - Visita a Santiago de Compostela, Catedral, Museo, Universidade.....
 - Posibilidade da continuación presencial no programa Erasmus + de intercambio.
 - Colaboración na posibilidade de excursión final de curso.

Cada unha das actividades abarca 5 ou 6 períodos lectivos, unha mañá; dependendo do horario marcado pola institución a visitar. Exceptuando a visita a cidade de Santiago que ocuparía un día enteiro.

19. ADDENDA. PLAN DE CONTINXENCIA

Plan de reforzo e recuperación

1º BACH. Hª do Mundo Contemporáneo

Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas por non desenrolados polo alumnado no curso anterior.

Na previsión dos tres posibles contextos: presencial, semipresencial e telemática usaranse os seguintes instrumentos:

Instrumentos.

A través de medios electrónicos, telemáticos e semellantes como:

Preferentemente a Aula virtual do centro, Libro dixital EnRed e Edubook da editorial Vicens Vives, Google Classroom, Abalar, Google Forms, GMail, Kahoot, Youtube, Genially, Educaplay, Socrative, Edmodo e aplicacións de vídeoconferencia e similares como Webex, Zoom ou Google Meet.

Ademais, o profesorado poderá concertar entrevistas individuais co alumnado a través de videochamada como parte dos procedementos e instrumentos de avaliación nos casos que estime oportunos.

O procedemento de comunicación entre o profesorado do Departamento con o alumnado ou as familias utilizará, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos.

Metodoloxía.

O Departamento procurará que sexa participativa, ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua a pesar dos evidentes problemas que presenta a ensinanza non presencial: tras a presentación dos conceptos e procedementos por parte do profesor a través de documentos, vídeos, presentación, modelos interactivos ou vídeoconferencias, o alumnado ten que facer por si mesmo os traballos, mapas, imaxes, gráficas, portfolios ou comentarios propostos.

Ferramentas de Avaliación.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os instrumentos telemáticos citados anteriormente e que constan na programación, están deseñados de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, sempre adecuándose ás modalidades xa citadas de ensino presencial, semipresencial e non presencial.

As actividades serán concretadas a través de traballos, exercicios e exames que poderán pedirse de xeito escrito e presentados de forma telemática. Ademais deberán ser entregados no prazo de tempo marcado polo profesor.

Nesta situación resulta esencial a independencia e una axeitada organización por parte do alumnado para atender eficazmente ás tarefas académicas e a vida familiar.

No referente ó alumnado sen conectividade, non existe, pode darse algún caso con conectividade baixa ou cun computador a compartir e continuaremos con o fomento do uso e con gran rendemento dos teléfonos móbiles.

20. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados de aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Á súa vez, estes Estándares valóranse a partir dos indicadores de logro, que nos permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente tamén avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, ao mesmo tempo, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os Estándares de aprendizaxe e, se é o caso, os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnos celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais, que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Como ferramenta auxiliar para reflexionar e valorar a actividade docente temos unha Rúbrica da Práctica docente na que se valoran os seguintes aspectos:

- ✓ Temporalización das unidades e dos contidos. Planificación das unidades didácticas ao longo do curso e temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade.
 - ✓ Exposición da información. Claridade nas explicacións docentes, cunha recepción e cunha interacción adecuada co alumnado para comprobar a asimilación das informacións transmitidas.
 - ✓ Eficacia das actividades e recursos. Elección e uso adecuados das actividades e recursos empregados para a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de Avaliación formulados.
- Diversidade de recursos. Uso de gran diversidade de recursos e materiais, incluíndo as TIC e o uso educativo dos medios de comunicación, para fomentar unha aprendizaxe ampla e unha boa motivación do alumnado.

- Estratexias de motivación do alumnado. Elaboración de propostas que animen o alumnado a desenvolver as súas capacidades en función dos seus propios intereses e a manter o interese e o esforzo durante a súa aprendizaxe.
- Interacción co alumnado. Relación fluída do docente co alumnado favorecendo con isto o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes. Avaliación dos Contidos e das Competencias adquiridos a través dos Estándares de Aprendizaxe.

Rúbrica de Avaliación da Práctica Docente				Aspectos positivos que se poden destacar	Aspectos que se poden mellorar	Plans ou propostas de mellora
	Pouco Satisfactorio	Satisfactorio	Moi Satisfactorio			
Temporalización das unidades e dos contidos						
Exposición da información						
Eficacia das actividades e recursos						
Diversidade de recursos						
Estratexias de motivación do alumnado						
Interacción co alumnado						
Avaliación das aprendizaxes						